



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Técnica vocal e dicción
DISCIPLINA	Técnica vocal e dicción
TITULACION	Grao en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	A (Dirección de escena) e B (Dramaturxia)
CURSO	1º
CRÉDITOS ECTS	5
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación (área de voz)
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR	Damián Contreras Orero
DOCENTE	Nome e apelidos: Damián Contreras Orero Horario titorías: Despacho: Departamento de Interpretación Contacto: dcontreras@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Coñecemento anatómico e fisiolóxico do aparato fonador. Recoñecemento e conciencia vocal. Preparación vocal e adestramento. Coñecemento de todos os aspectos da técnica vocal (respiración, resoadores, articulación, emisión, etc.). A voz como instrumento creativo. Principios da comunicación verbal. Estudo da dicción: elementos técnicos e expresivos (ortofonía, prosodia, verso, etc.). A escoita. Dominio das técnicas expresivas aplicadas a diversos xéneros, estilos, formas de representación e medios audiovisuais. Uso dos diferentes parámetros vocais na dirección.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza
T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de xeito equilibrado o éxito social.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.



COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE		
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.	
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.	
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.	
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Dominar os conceptos básicos da técnica vocal.		T3, T6, X1, X5, ED1, ED5
2. Asimilar o bo uso da voz. Integrar o corpo, relación columna-colo-cabeza.		T3, T7, X1, X3, ED2, ED3, ED5
3. Experimentar coa propia voz para poder expresar o que se necesitará dos actores no futuro.		T7, T8, X1, X3, ED1, ED5
4. Diferenciar a través de escoita as diferenzas de matices vocais e o uso de apoios, resonadores e colocación da voz.		T6, T7, X1, X5, ED3
5. Explorar os diferentes usos creativos da voz.		T3, T6, X3, X5, ED1, ED2
6. Descubrir e experimentar coa sonoridade do texto.		T3, T8, X1, X3, X7, ED2, ED5
7. Experimentar coa fisicidade dos sons.		T3, T8, X1, X3, X7, ED2, ED5
8. Analizar textos dende o punto de vista sonoro.		T6, T8, X1, X5, X7, ED1, ED5
9. Crear personaxes a partires da voz.		T3, T7, T8, X3, X5, ED1, ED5
10. Integrar a escoita.		T3, T7, X1, X3, X5, ED2, ED3, ED5
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIONS
1. Técnica vocal.	1.1 Anatomía respiratoria e da fonación. 1.2 Respiración. 1.3 Apoio diafragmático. 1.4 Resonancia 1.5 Articulación 1.6 Proxección	5
2. Corpo.	2.1 Corrección de malos hábitos posturais, 2.2 Corrección de malos hábitos respiratorios 2.3 Corrección de malos hábitos de fonación	3
3. A voz e o movemento.	3.1 Influencia do movemento na voz. 3.2 Influencia da voz no movemento. 3.3 Integración da voz e o movemento.	3
4. A voz no espazo.	4.1 Influencia do espazo na voz. 4.2 O uso da voz nos diferentes espazos.	2
5. A escoita.	5.1 A escoita interna 5.2 A escoita externa	2
6. A fala.	6.1 Ritmo 6.2 O acento 6.3 A pausa	5
7. Textos.	7.1 Sonoridade 7.2 Fisicidade dos sons	5
8. Creación de personaxes	8.1 Técnicas interpretativas 8.2 Observación, análise e imitación 8.3 El doblaje	5
TOTAL SESIÓNS		30



5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial	Non presencial	Total
Actividades introductorias	3	0	3
Exposición maxistral	9	0	9
Exposición práctico-teórica	20	10	30
Práctica individual	20	16	36
Práctica colectiva	20	16	36
Titorías individuais	6	3	9
Titorías de grupo	3	3	6
Actividades de avaliación. Probas	6	9	15
Actividades de avaliación. Revisión	3	3	6
Total	90 horas 60%	60 horas 40%	150 horas 100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como a presentar a materia.
Exposición maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Exposición práctico-teórica	Exposición por parte do docente dun tema sobre contidos da materia e a súa resolución na práctica.
Práctica individual	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo.
Práctica colectiva	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo.
Proxectos	Os estudantes levan a cabo a realización dun proxecto colectivo nun tempo determinado para abordar unha tarefa mediante a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades.
Titorías	Entrevistas que o alumno (ou grupo de alumnos) mantén co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Actividades de avaliación. Probas	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta a actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.
Actividades de avaliación. Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou do resultado dun traballo, exercicio ou proxecto (individual/grupal)
Actividades de avaliación. Revisión	Análise profesor/alumno dos recursos procedimentais empregados por este na resolución das probas e os seus resultados.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do modo máis axeitado.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquietudes que xurdan en cada caso.



8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas prácticas: -Prácticas de respiración e emisión. -Prácticas orais de prosodia aplicadas a un texto.	T3, T7, X1, X5, ED1, ED5	25%
Probas escritas sobre conceptos fundamentais da materia (incluíndo un adestramento vocal).	T6, T8, X3, X5, ED3, ED5	25%
Observación sistemática: -Adquisición de competencias. -Aplicación das competencias adquiridas en traballos prácticos. -Asistencia e actitude cara á aprendizaxe na aula.	T3, T7, X1, X3, X7, ED2, ED5	50%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito e defensa oral, no que se describe dun xeito técnico e detallado, un adestramento vocal.	T3, T8, X3, X5, ED1, ED2, ED3	25%
Proba escrita sobre conceptos fundamentais da materia.	T6, T8, X3, X5, ED3, ED5	25%
Probas prácticas: -Prácticas de respiración e emisión -Prácticas orais de prosodia aplicadas a un texto.	T3, T7, X1, X3, X7, ED2, ED5	50%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito e defensa oral, no que se describe dun xeito técnico e detallado, un adestramento vocal	T3, T8, X3, X5, ED1, ED2, ED3	25%
Proba escrita sobre conceptos fundamentais da materia.	T6, T8, X3, X5, ED3, ED5	25%
Probas prácticas: -Prácticas de respiración e emisión -Prácticas orais de prosodia aplicadas a un texto.	T3, T7, X1, X3, X7, ED2, ED5	50%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
Referencias básicas		
1. Berry, Cicely. <i>La voz y el actor</i> . Alba Editorial-Artes Escénicas. Barcelona. 2006		
2. McCallion, Michael. <i>El libro de la voz</i> . Ed. Urano. Barcelona. 1998		
3. Blasco, Victoria. <i>Manual de técnica vocal - Ejercicios prácticos</i> . Naque Editora. Ciudad Real. 2002		
Referencias complementarias		
4. Ósipovna Knébel, María. <i>La palabra en la creación actoral</i> . Editorial Fundamentos. Madrid. 1998		
5. Davis, Flora. <i>La comunicación no verbal</i> . Alianza Editorial. Madrid.		
6. Pearce, S. <i>La alquimia de la voz</i> . Gaia Ediciones. Madrid. 2006		
7. Mena González, A. <i>Educación de la voz. Principios fundamentales de ortofonía</i> . Ed. Aljibe. Archidona. 1994.		
10. OBSERVACIÓNS		
-Este programa pode sufrir variacións en función dos acordos tomados entre o docente e o grupo.		
-O alumno ou alumna perderá o dereito a avaliación continua cando supere o dez por cento de faltas de asistencia.		

